



"Hai unha presenza permanente da temática lesbiana na literatura que unha e outra vez é relegada pola crítica"

[Montse Dopico @montsedopico](#) 25, setembro 2012

Mulleres rebeldes protagonizan as novelas de María Reimóndez. E *En vías de extinción*, a súa última obra, non é unha excepción. Gaia, unha moza galega, feminista e nacionalista, con orixes no rural e cunha forte personalidade inicia unha relación cunha cantante famosa. A prensa perturba a súa rutina, mais ela procura o xeito non só de preservar a súa privacidade, senón de facer chegar á sociedade o seu pensamento contrahexemónico. Cunha estrutura se cadra un pouco máis complexa que a dos libros anteriores da autora, *En vías de extinción* vains conducindo pola historia de Gaia, que é en si mesma un convite a superar os lindes estreitos nos que moitas veces queren enmarcarnos. Falamos con María desta novela e tamén da súa intervención no último congreso da Asociación Internacional de Estudos Galegos, arredor do lesbianismo na literatura.

A protagonista de *En vías de extinción*, Gaia-Mariña, podería ser a autora do teu poemario *Moda galega*: a mesma crítica do culto ao corpo, do consumismo... Non será ela?

(Ri). Pois non fixera esa conexión, pero é certo que os dous libros nacen de inxedanzas semellantes.

***En vías de extinción* trata moitos temas. Se cadra o principal é o lixo que temos na cabeza e a posibilidade de limpalo, de rebelarnos contra os patróns de comportamento establecidos. O mesmo que fan as protagonistas de *Pirata*, ou as de *O Club da Calceta*. É así?**

Cada libro é diferente na materialización da temática, pero si existe esa conexión. O personaxe de Gaia móstranos como as persoas que se sitúan nas marxes das estruturas hexemónicas teñen máis recursos para articular un contradiscurso con potencialidade de facerse realidade. Ser rara é o que lle permite a Gaia subverter o marco que nos queren impoñer. É o que di a teoría poscolonial: desde as marxes podes ter unha visión máis ampla.

Creo que foi en *O caderno de bitácora*, a túa primeira novela, onde empezaches a introducir polo medio da narración os "discursos", como os que aparecen en *En vías de extinción*: Gaia fala para a súa gravadora, e faino por exemplo para criticar un concepto de familia tradicional que exclúe as identidades sexuais non heteronormativas.

Os discursos cumpren funcións distintas nas dúas novelas. En *En vías de extinción* o obxectivo é que Gaia se exprese en primeira persoa, e non só a través dos diálogos. Gaia comparte comigo a

profesión de tradutora e intérprete, e ten, coma min, unha preocupación pola oralidade. Porque parece que valoramos menos o discurso oral que o escrito, porque non queda fixado. A novela ten moito que ver, si, tamén, coa identidade lesbiana, e coa necesidade de rexeitar tanto o discurso patriarcal e heterosexista como as versións esencialistas do lesbianismo.

É un libro, nese sentido, ecoloxista. Defende todas as diversidades: da ambiental á sexual... Definíralo así?

Resúltame difícil definilo e falar del porque, como dicías, toca moitos temas. Gaia, que ao mesmo tempo é un ser individualista, defínese como un axente ecolóxico na cidade, e rebélase de moitas maneiras: desde a negativa a depilarse ata a súa maneira de defenderse dos abusos de poder no traballo... Todos eses comportamentos supoñen, si, un xeito de reivindicar a diversidade fronte ao sistema hexemónico que nos rodea. Tamén as protagonistas de *Pirata* procuraban a súa identidade á marxe das convencións, pero a historia de Gaia sitúase na sociedade actual.

Gaia inicia unha relación cunha cantante famosa, que é a antítese do que ela representa. Non atura que os medios se metan na súa vida privada, pero decide utilizalos para facer chegar á sociedade o seu contradiscurso. Nos teus libros xogas moito con este tipo de oposicións. En *O club da calceta* o espazo de empoderamento das mulleres é, ao contrario do que poderíamos imaxinar, o grupo de calceta, e resulta que a muller que limpa a Igrexa é dalgún xeito máis libre que a universitaria feminista atrapada nunha relación convencional...

O xermolo do libro foi, en realidade, unha pregunta: que pasaría se unha persoa coma Gaia se mostrase no campo público, sen renunciar ao seu xeito de ser? A relación con MK é un xeito de mostrar, como neses exemplos que citas, que as persoas non somos moitas veces o que parecemos. Gaia e MK son moi distintas, pero entre as dúas hai puntos de conexión. Non serven as aparencias nin as medidas absolutas.

A historia da familia de Gaia é, tamén, unha mostra da represión sociolóxica que sufriron as mulleres no franquismo. A nai de Gaia, Adela, decide ter a súa filla en contra da vontade da súa familia, que quería obrigala a casar ou abortar para evitar a “deshonra” de ter unha nai solteira. E nai e filla son moi críticas co concepto tradicional de matrimonio.

As mulleres sufriron no franquismo moitas formas de represión cotiá que se tornan invisibles no relato dominante de heroes -homes- represaliados. Xeitos de represión máis insidiosos, que perviven, que non se fala deles e que están inseridos en moitos discursos, e non só do franquismo. No goberno bipartito algo se comezou a falar disto, pero é un traballo que non se fixo canónico, e polo tanto visible.

Outra cuestión central no libro é a reflexión sobre a lingua: diglosia, substitución lingüística, o xeito de construír o estándar... Esta mesma preocupación xa estaba reflectida nas túas obras anteriores, por exemplo en *O club da calceta*.

É un xeito de reaccionar contra discursos ficticios como que a situación do galego é perfecta e sen problemas, ou como que é o castelán o ameazado. Gaia é “de monte” e galego-falante. Eu mesma teño raíz na montaña, despois vivín nunha vila, despois nunha cidade pequena e logo nunha cidade grande. E vivín moitas situacións que mostran a estigmatización do galego no sentido de marcador dunha clase social. Son experiencias moi violentas, que se negan ou mesmo que se aceptan como se fosen normais. Gaia é políglota, e defende que todas as linguas son importantes no seu contexto. Non hai linguas máis válidas que outras: o inglés e o castelán non

serven de nada en moitas situacións. E o que agora se está a chamar aquí “defensa do plurilingüismo” en realidade é promoción da lingua hexemónica, o castelán.

Tamén hai unha reivindicación do rural e un ollar irónico sobre os “urbanitas”, como cando Gaia se enfronta cun xeito de entender o ecoloxismo que reproduce as estruturas patriarcais.

É que non é a mesma a perspectiva que tes sobre a natureza cando convíviches con ela que cando non o fixeches. Aquí non se trata tampouco de adoptar posturas dogmáticas e debuxar teorías de verdade que se pretendan válidas para todo o mundo. Non é unha crítica ao ecoloxismo, senón a un xeito de comprendelo, que se pode estender ás versións esencialistas do ecofeminismo. Refírome aos conceptos patriarcais que se agochan detrás do discurso de “volver á natureza”, da “nai Terra”, con concepcións esencialistas do que é ser muller e dos valores “femininos”, que acaban indo contra os avances das mulleres. É doado defender que se laven as compresas ou os cueiros, porque son as mulleres as que adoitan facelo.

Non se trata de volver atrás, senón de avanzar. Se o libro contamina, inventamos o libro electrónico, pero non volvemos escribir na pedra. A idea é tamén problematizar as raíces. Para Gaia e para as mulleres, non é posible idealizar nin o rural nin o urbano. Para os nacionalistas de certo tipo é máis fácil buscar unha “esencia” galega nunha cultura como a montañesa, pero nesa cultura están inscritas prácticas como ter as mulleres como escravas. Igualmente o mundo urbano e unha identidade “española” non é a solución, porque encerra moitas veces un rexeitamento do rural (se falas galego es paleta), e igualmente o sexismo e a homofobia. Así, só queda crear novos lugares e espazos e supoño que *En vías de extinción* tenta ser un xermolo diso.

Gaia é feminista, nacionalista e lesbiana. Pero pensar que iso é en si subversivo sería unha postura cando menos conservadora. É máis ben a súa actitude, o seu xeito de proxectar a súa identidade, o que a fai tan diferente, non si?

É certo que moitas persoas con identidades disidentes tenden a agochalas no espazo público, ao contrario do que fai Gaia. É o mesmo que pasa na literatura, en xeral. Parece que lesbianas e homosexuais non existen na historia da literatura, e o que pasa en realidade é que a crítica non canoniza as obras nas que aparecen. Carlos Callón fala disto no seu libro *Amigos e sodomitas*, e eu mesma presenteí no congreso da AIEG un relatorio sobre a presenza das lesbianas na literatura feita por mulleres. Emma Donoghue demostrou que na literatura occidental hai unha presenza permanente da temática lesbiana que unha e outra vez é relegada ao silencio pola crítica. Na propia literatura galega hai, porcentualmente, en relación coa presenza doutras temáticas, moitas obras que falan de relacións sexuais entre mulleres, e moitas máis que contrapoñen a lóxica patriarcal. O problema é cando tanto o discurso hexemónico como, moitas veces, o contradiscurso, van deixando zonas de sombra nas que non quere entrar, como o sexismo ou o racismo.